



Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número

90

/2025

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME PARA LEVAR A CABO A XESTIÓN DE FLUXOS TURÍSTICOS EN ZONAS DE ALTA AFLUENCIA FRAGAS DO EUME (E1.A1), A CREACIÓN DE UNHA PÁXINA WEB, APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E OUTRAS SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS (E3.A6), O APOIO AO SECTOR TURÍSTICO PRIVADO A TRAVÉS DUN ESPAZO PROFESIONAL DA COMARCA DO EUME PARA O TURISMO (E3.A7), E A PROMOCIÓN E MARKETING TURÍSTICO: MELLORAR O COÑECEMENTO E IMAXE DO DESTINO (E3.A13), NO MARCO DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) FRAGAS DO EUME, FINANCIADO CON FONDOS DE PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

A Coruña, a 10 de outubro de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

REUNIDOS

Dunha parte Don Xosé Regueira Varela, que intervén en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de Deputado Delegado Provincial en materia de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra parte, Dona Rebeca Santamarina Fernández, que intervén en nome e representación da Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do

Eume, actuando na calidade de Presidenta da Asociación e conforme as competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña presentou un Plan de Sostibilidade Turística en Destino ao Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU, cuxas bases están reguladas pola *Estrategia de sostenibilidad turística en destinos* (2021).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “Proxecto en cooperación”, e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento das actuacións Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia Fragas do Eume (E1.A1), Creación de unha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas (E3.A6), Apoio ao sector turístico privado a través dun Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo (E3.A7), e Promoción e marketing turístico: mellorar o coñecemento e imaxe do destino (E3.A13) dentro do marco do PSTD Fragas do Eume.

O orzamento máximo das actuacións suma un total de douscentos trinta mil con ~~cento~~ vinte oito euros con noventa (230.128,90 €) e cunha contribución da Unión Europea do 100%.

Dado o interese da Deputación e a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume para a realización da dita actuación, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio en base as seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

I. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume para levar a cabo as actuacións de Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia Fragas do Eume (E1.A1), Creación de unha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas (E3.A6), Apoio ao sector turístico privado a través dun Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo (E3.A7), e Promoción e marketing turístico: mellorar o coñecemento e imaxe do destino (E3.A13) dentro do marco do PSTD Fragas do Eume. A finalidade e a introdución de ferramentas que axuden na xestións dos fluxos turísticos, así como a promoción e capacitación do territorio dentro do contexto do turismo sostible.

II. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución da actuación obxecto deste convenio é de douscentos trinta mil con cento vinte oito euros con noventa (230.128,90 €) IVE incluído. A inversión levaranse a cabo en catro actuacións, que se desagregan como segue:

Eixe	Actuación	Denominación	Orzamento
1	1	"Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia Fragas do Eume"	25.000,00 €
3	6	"Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas"	111.465,90 €
3	7	"Apoio ao sector turístico privado a través dun Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo"	57.630,69 €
3	13	"Promoción e marketing turístico mellorar o coñecemento e imaxe do destino"	36.032,31 €

O prazo de execución máximo estimado dos traballos será o estipulado nos Pregos de cada unha das actuacións que en calquera caso non poderá exceder da data fin da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a

Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

III. FINANCIAMENTO

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actuacións con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos Next Generation EU, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial estimada máxima de 230.128,90 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. Este importe poderá sufrir variacións, en función das necesidades do PSTD, sen poder superar en ningún caso o crédito máximo dispoñible para o mesmo. O detalle repártese como segue:

Eixe	Actuación	Denominación	Aplicación orzamentaria
1	1	"Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia Fragas do Eume"	0510/4327/650 Código de proxecto 2022.3.81990.4.
3	6	"Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas"	0510/4327/650 Código de proxecto 2022.3.81990.4.
3	7	"Apoio ao sector turístico privado a través dun Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo"	0510/4327/22699 Código de proxecto 2022.3.81990.4.
3	13	"Promoción e marketing turístico mellorar o coñecemento e imaxe do destino"	0510/4327/22699 Código de proxecto 2022.3.81990.4.

2. Ausencia de dobre financiamento: A execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do

Mecanismo e doutros programas da Unión dos mesmos gastos. Para estas actuacións a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume acredita, coa firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

a. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME

En virtude da sinatura do presente convenio a Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume comprométese a:

1. Solicitar vía rexistro electrónico o inicio dos tramites necesarios para levar a cabo as actuacións.
2. Asumir os custos xerados pola obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias.
3. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
4. Unha vez finalizada a execución das actuacións pola Deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado pola Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume, procederase a formalizar a acta de entrega á Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume, asumindo esta a súa xestión, e todos os gastos de mantemento e conservación como o seu titular, así como das ferramentas dixitais resultado da execución das actuacións obxecto deste Convenio.
5. A Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume facilitarán de conformidade coa cláusula Décima.4 da Addenda ao Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia de data 10 de decembro de 2024, as achegas adicionais de documentos ou datos aclaratorios que a Axencia de Turismo de Galicia poida requirir.
6. A Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume obrígase a someterse ás actuacións control e seguimento da aplicación de fondos destinados ao proxecto subvencionado que se lle requira á comunidade autónoma, mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Secretaría de Estado de Turismo, así como ao control financeiro

dos mesmos pola Intervención General de la Administración del Estado e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Cuentas Europeo, a Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas, asumindo a Asociación a responsabilidade dun eventual reintegro por parte da Deputación dos fondos recibidos por ésta ao Tesoro Público motivado por incumprimentos totais ou parciais destes concellos segundo o disposto na Resolución de 23 de diciembre de 2021, de la Secretaría de Estado de Turismo, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Turismo, por el que se fijan los criterios de distribución, así como el reparto resultante para las comunidades autónomas, del crédito destinado a la financiación de actuaciones de inversión por parte de entidades locales en el marco del Componente 14 Inversión 1 del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

7. Dar publicidade destas actuacións dentro do marco do PSTD.

b. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a Deputación da Coruña comprométese a:

1. Contratar a execución da contratación da “Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia Fragas do Eume”, “Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas”, “Apoio ao sector turístico privado a través dun Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo” e “Promoción e marketing turístico mellorar o coñecemento e imaxe do destino”.

2. Comunicar á Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume, cunha antelación de dez (10) días como mínimo, á data e hora para o acto de entrega dos traballos, ao cal deberá asistir un representante designado pola Asociación, xunto co técnico competente que determine.

O técnico designado elaborará un informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración

técnica.

3. Comunicar á Asociación de Concellos para a Xestión da Comarca do Eume calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
4. Dar publicidade destas actuacións dentro do marco do PSTD.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO.

En relación á publicidade do financiamento deberase cumprir co establecido no:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Capítulo III Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Artigo 9. Comunicación.
- Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume non marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Manual de Comunicación para Xestores e Beneficiarios dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de Recuperación, Transformación e

Resiliencia.

- Calquera outra normativa que poda resultar de aplicación.

VI.- VIXENCIA.

Este convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta de entrega do último dos traballos obxecto desde Convenio, e en todo caso o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU, ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

VI.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderaslle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. O presente convenio quedará suxeito ao disposto non "Real Decreto 36/2020 polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" , ou "Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de

Recuperación e Resiliencia”, “Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, “Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” , “ Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” así como o disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do PSTD Fragas do Eume.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia número 31407 de 27 de xuño de 2025.


E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA



Asdo.: Xosé Regueira Varela

A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS
PARA A XESTIÓN DA COMARCA DO EUME



Asdo.: Rebeca Santamarina Fernández

O SECRETARIO XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA



Asdo.: Miguel Iglesias Martínez

